

**O CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EFA PIÑEIRAL CELEBROU ESTA TARDE O  
ACTO DE CLAUSURA DO CURSO 2017/2018**

**No evento tamén tivo lugar a graduación do alumnado dos ciclos medios e superior de comercio e marketing, panadaría ,repostaría e confeitaría e coidados auxiliares de enfermaría**

Máis de cincuenta alumnos da promoción 2016/2018 dos ciclos de formación profesional das familias formativas de comercio e marketing, panadaría, repostaría e confeitaría e coidados auxiliares de enfermaría veñen de celebrar esta tarde a súa graduación no centro arzuán Efa Piñeiral.

O acto, celebrado no propio centro educativo, congregou ós propios alumnos, ás súas familias, ó equipo directivo e docente e a representantes das máis de 200 empresas acolledoras polas que pasan os alumnos ó longo dos ciclos formativos.

No acto, ademais de procederse á entrega dos diplomas acreditativos, o alumnado realizou unha presentación da memoria de actividades académicas que conformaron o seu itinerario formativo; visitas técnicas a empresas rexionais e nacionais, experiencias de inmersión lingüísticas no estranxeiro, participación en feiras e encontros sectoriais, festas gastronómicas, mobilidades Erasmus+ , participación en obradoiros, congresos e estadias de formación en empresas en cada trimestre.

“Para nós o obxectivo número 1 é a inserción laboral do alumnado, formar profesionais, bos profesionais e forxar emprego. Sobre isto xira todo o noso proxecto educativo. Esta promoción que vén de graduarse está a rematar aínda o seu periodo de formación en centros de traballo, e aínda que o mesmo non finalizou, xa se produciron propostas firmes de contratación nas empresas da nosa bolsa de emprego. Para nós non existe maior satisfacción”, afirma Pilar Díaz-Caso , directora de Piñeiral.

O centro formativo Efa Piñeiral xa está a recibir solicitudes de información para o vindeiro curso académico no que se volverá a ofertar a formación profesional nos ciclos medios e superiores de comercio e márketing, panadaría e pastelería e auxiliar de enfermaría.

**Arzúa ,1 de xuño de 2018  
Saúdos. Inma Carbia 635138592  
Gabinete de Comunicación Efa Piñeiral**